

GALEGA DO ANO 2014

D^a MARÍA LUZ CASAL PAZ

María Luz Casal Paz, coñecida artisticamente como Luz Casal, naceu en Boimorto (A Coruña), un 11 de novembro hai 56 anos. Está considerada unha das cantantes españolas de pop-rock máis valoradas e unha das mellores solistas do mundo, sempre disposta a afrontar novos retos.

Foi a vivir para Asturias cando apenas tiña seis meses. E é en Gijón onde por primeira vez se sube a un escenario para cantar, decidindo nese instante que o seu futuro estará ligado ao mundo da música. Estuda piano, solfeo e ballet. Empeza por formar parte dun grupo de rock chamado “Los Fannys” que versionaba a outros artistas. Sempre desexosa de cantar como solista, interésase tamén polo canto lírico. Tras convencer aos seus pais para proseguir a súa carreira musical, en 1977 trasládase a Madrid, onde grava unha maqueta, e consegue entrar no mundo da música profesional participando nos coros das gravacións de varios cantantes.

A comezos de 1982 empeza a gravación, en Madrid, Bruselase Ámsterdam, do seu primeiro álbum, que sería estreado en setembro des ano co nome de “Luz”, de sons asa entón inéditos no panorama musical español. Con esa voz rasgada, elegante e roqueira, en 1984 publica o seu segundo disco, tamén como compositora, “Los ojos del gato” e, ademais, participa na mítica xira “El Rock de una Noche de Verano”, xunto a Leño e Miguel Ríos. En 1985 publicou “Luz III”; e en 1987, descóbrese como unha gran intérprete de baladas. Xa en 1989 editou “Luz V”, disco que supón o seu salto definitivo ao éxito e inclúe tres dos temas convertidos en clásicos: “Loca”, “Te dejé marchar” e “No me importa nada”. En 1991 publica “A contraluz”, que obtén seis discos de platino, e incluía as dúas cancións que Pedro Almodóvar elixiu para “Tacones Lejanos”. Á fama en América do Sul, sumouse a francesa.

“Como la flor prometida” ve a luz en 1995. E en 1999 publica “Un mar de confianza”, recibíndoo Premio Ondas á Mellor Canción polo tema que dá nome ao disco. En 2001 obtén xunto a Pablo Guerrero, o Premio Goya á mellor canción

orixinal pola película “El bosque animado”, e a finais de 2002 publica “Con Otra Mirada”.

En outubro de 2004 edita “Sencilla alegría”, no que Luz incorpora por primeira vez aires de flamenco e jazz. Inclúe “Negra Sombra”, tema principal da película “Mar Adentro”.

En 2007 un cancro de mama interrompea a súa traxectoria; pero empuxada pola forza que a caracteriza, combinou tratamento con la preparación dun novo disco, empezando a compondor e escribir. Apenas nove meses despois reaparece con “Vida tóxica”, un traballo complexo e poético, unha declaración de intencións e de felicidade.

En maio de 2010 debe aprazar a xira de presentación de “La Pasión” para ser entrevistada de novo, e tras superar novamente a enfermidade en 2011 inicia unha xira internacional. Un ano despois pón en marcha un festival de música de carácter benéfico en Boimorto, que simboliza a capacidade do medio rural para xerar propostas de futuro.

En 2013 Luz reaparece con dobre disco, titulado “Almas gemelas” en España e “Alma” no resto do mundo, baixo metáforas poéticas e letras urbanas e actuais.

A súa ampla e diversificada traxectoria, a súa singular voz, a súa fortaleza musical e capacidade de superación, teñen levado a Luz Casal a unha vertixinosa sucesión de premios e recoñecementos: el Premio Rolling Stone por unha vida dedicada ao rock, o Grammy Latino honorífico, a Medalla das Artes e as Letras de Francia, o Premio Nacional de Músicas Actuais, Medalla de ouro da cidade de Madrid, Medalla de ouro da cidade de París, Filla Predilecta de Boimorto, Medalla Castelao, o Premio 'V de Vida' da Asociación Española Contra o Cancro; e agora o galardón de Galega do Ano 2014, recoñecemento do tecido asociativo da comarca de Bergantiños.



PADROADO
FOGAR DE
BERGANTIÑOS

RÚA SAN XOÁN BAUTISTA, S/N
APARTADO CORREOS 198
15100 CARBALLO (A CORUÑA)

GABINETE DE PRENSA:
6 9 0 3 3 1 6 2 3

Como promotora e defensora dos altos valores humanos, musicais e solidarios, recollendo o sentir popular desta comunidade, vimos en proclamar a GALEGA DO ANO 2014.